

Lullula arborea (Linnaeus, 1758)

	cotovía pequena
	alondra totovía
	pirripiosa
	cotoliu
	wood lark
	cotovía-arbórea



ESTADO DE CONSERVACIÓN



MEDIDAS CORPORAIAS

Peso 30 g

Longitude 15 cm

Envergadura 27-30 cm

FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Passeriformes	Alaudidae	<i>Lullula</i>

ALIMENTACIÓN

Invertebrados de mediano tamaño (insectos e arañas) en verán. Granívora o resto do ano

COMPORTAMENTO

Trátase dunha ave diúrna, sedentaria e territorial. En inverno forman bandos, xeralmente pouco numerosos.

REPRODUCCIÓN

Período de celo de marzo a xullo, aínda que pode facer dúas postas anuais de 2-6 ovos de cor branca a oliva, moteados pardo-vermello. A femia incúbaos 12-15 días. Os polos voan aos 10-13 días.

HÁBITAT

Bordes forestais, pastos con matogueira ou arborado disperso, bosques abertos.

DISTRIBUCIÓN

Cría dende o sur de Escandinavia e sur de Inglaterra ata o noroeste de África, e polo este ata Rusia europea e sur do mar Caspio. Inverna no oeste e sur da área de cría, chegando ata o delta do Nilo.

CURIOSIDADES

A mancha branca e negra do borde anterior da ala é característica.

No campus atopamos *Lullula arborea* subsp. *arborea*, que é a presente na península ibérica.